Ordes V, I, Cerceda, Delfina 68 anos, Rosa 64 (sobriña)
Marzal 1980

CD 13, 1 - 3

(1)

**Muiñeira**

V, 1, 6. 1) Bota leña nese lar-e (1)
anque sea toxo macho
que vai entrar e bailar-e
a pulgha e mailo carracho.

22. 2) Coas orellas dunha pulgha (1)
i o corazón dun piollo
/:unha cousa tan pequena
e inda man com todo:/ ? vale

26. 3) "Séntat'aquí," "Xa me sento." (1)
"Déitate aquí," "Xa me deito."
Donde levamo-la sona
levarémo-lo proveito. porveito

43. 4) A raíz do toxo prende (1)
anque sea no camiño,
tamén os teus ollos prenden
coa forza do cariño.

45. 5) Aghora que me puxeron (1)
a pandeireta na man-he
se me peta na cabeza
tocarei asta mañán-he.

52. 6) Rofina cantaba ben-he, (1)
Delfina vaina seghindo
a si fai a boa nena
que do amor se vai rindo.

60. 7) O paxaro cando bebe (1)
met'a cabeza no lodo,
o cariño cuand'é firme
nunca s'acaba de todo.